



### **BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN PARA A EXCURSIÓN Á ESTACIÓN DE MONTAÑA DE CABEZA DE MANZANEDA.**

As presentes bases regulan o proceso de inscrición para a excursión á estación de montaña de Cabeza de Manzaneda, que consistirá:

- A excursión terá lugar o sábado, 16 de marzo de 2019.
- Esta actividade terá un día de duración con saída ás 9:30 da mañá, e regreso ás 19:30 horas da tarde.
- O grupo será de 45 rapaces como máximo, e de 15 rapaces como mínimo, dos 8 aos 14 anos acompañados por 5 monitoras que se encargarán de realizar actividades de animación durante a xornada.
- O transporte que se utilizará será dun autobús de 50 prazas.

#### **1. TEMPORALIZACIÓN E REQUISITOS DE ACCESO.**

1.1 A visita celebrarase o sábado, 16 de marzo de 2019.

1.2 Requisitos: nenos/as e mozos/as con idades comprendidas entre os 8 e os 14 anos, empadroados no concello.

1.3 A visita comezará coa saída ás 9:30 da mañá dende a avda. de Celanova, fronte ao ximnasio Golfiños e rematará ás 19:30 horas co regreso ao mesmo lugar.

#### **2. PRAZOS E ADXUDICACIÓN**

2.1 O prazo de inscrición será do 6 ao 12 de marzo (ámbolos dous incluídos).

2.2 A adxudicación de prazas realizarase por orde de rexistro.

2.3 O día 13 de marzo publicarase a lista de participantes, no taboleiro do Espazo Infantil e na páxina web.

2.4 No caso de que varios irmáns solicitasen participar na actividade, se algún deles sae seleccionado, automaticamente obterán praza os demais irmáns.



### 3. INSCRICIÓNS

3.1.- As inscricións realizaranse de forma presencial no Rexistro do Concello de Barbadás, situado na Oficina Municipal de A Valenzá e na Casa do Concello en Barbadás en, horario de luns a venres das 8:30 ás 14:30 horas.

3.2.- Os datos reflectidos na documentación deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

### 4. PREZO

4.1.- O custo da praza para a excursión á Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda é con cargo aos orzamentos da Concellería de Asuntos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal (que inclúe o desprazamento, un menú completo, un seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes para esa xornada e disfrute do circuito multiaventura e aluguer de trineos).

4.2.- O custe derivado da realización destas actividades será financiado completamente a cargo dunha partida orzamentaria da concellaría de servizos sociais, participación veciñal e sanidade.

4.3.- Unha vez rematado o prazo de inscrición, se o número de participantes na excursión non superase o número mínimo esixido, esta non se levará a cabo, publicándose esta incidencia na pax. web.

### 5. ACTIVIDADES E METODOLOXÍA.

5.1.- Ao longo da xornada os/as participantes coñecerán de xeito lúdico os aspectos máis relevantes da estación de montaña: a paisaxe, as especies de flora, en definitiva disfrutarán da neve nunha xornada en contacto coa natureza.

5.2.- Desenvolveranse distintas actividades, como o disfrute da pista de patinaxe sintético de 200 m<sup>2</sup>.





5.3.- É necesario que os participantes leven unha mochila cunha muda completa (incluído o calzado), para o remate da xornada. E tamén un bocata e auga para a merenda.

### **6. ORGANIZA**

Concello de Barbadás  
Concellaría de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal

*As cuestións de dúbida, interpretación, ou cambios derivados de imprevistos que xurdan durante o desenvolvemento desta actividade serán resoltas pola Concellaría de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal.*

*O Concello de Barbadás resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bó desenvolvemento do evento.*

*A participación na Excursión a Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda 2019 implica a aceptación das presentes bases.*